



***Pedro Varela en Razas Británicas e Manuel Leonardo en Razas Continentais, novos Campións Galegos de Cans de Parada***

O pasado día 25 de agosto tiña lugar no Tecor de A Venatoria en O Forgoselo, As Pontes (A Coruña), a décimo oitava edición da Copa Galicia de Cans de Parada, que a FGC organizaba en colaboración coa Sociedade 'A Venatoria' de As Pontes.

En total 30 cans de toda Galicia dábanse cita nos terreos de O Forgoselo, 22 dos cales pertencían a razas británicas, onde o S.I.M. 'Kin' propiedade de José Luis Méndez Tesouro e conducido por Iván López López se imponía, seguido do S.G.M. 'Veloce de Novilunio' de José María Calvar Antón e do S.I.M. 'Zum da Seara' de José Lage Lis. En razas continentais non conseguía puntuar ningún can, co cal a Copa Galicia remataba sen gañador neste apartado.



Así pois, sumando os puntos acadados nesta Copa Galicia aos acadados nos anteriores Campionatos Provinciais, resultaba Campión Galego de Cans de Parada en Razas Británicas o P.M. 'Stone de Ruinar' de Pedro Varela Abeledo, sendo segundo o S.I.M. 'Kin' de Iván López López e terceiro o S.I.M. 'Yan de Bosende' de Andrés Pena Fernández. En Razas Continentais, proclamábase Campión Galego Manuel Leonardo Sueiras co B.A.M. 'Listo de Mirandaola', seguido de Antonio Dopico Gato co D.D.M. 'Sión de Caaveiro' e de Carlos Vila Ramilo co E.B.M. 'Nak de Alecrín' no terceiro posto.

**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)